



Acordo de Consello de Goberno, de 24 de xullo de 2026, polo que se aproba o calendario de modificacións non substanciais e novas propostas ou modificacións substanciais dos programas de doutoramento para a súa implantación no curso 2028/2029

De acordo co establecido no artigo 8.4.c. do Regulamento da EIDUDC aprobado en Consello de Goberno do 07/11/2024,. a Comisión Permanente da EIUDC ten como función propor o procedemento para solicitar a modificación dun programa de doutoramento ou presentar unha nova proposta de programa, con vistas a que o Consello de Goberno da UDC aprobe tal cambio ou proposta

Cómpre aprobar o calendario de modificacións non substanciais e novas propostas ou modificacións substanciais dos programas de doutoramento para a súa implantación no curso 2028/2029

Polo exposto, o Consello de Goberno, na súa sesión de 24 de xullo de 2026, acordou a aprobación do calendario de modificacións non substanciais e novas propostas ou modificacións substanciais dos programas de doutoramento para a súa implantación no curso 2028/2029 que figura como Anexo.

O reitor

CALENDARIO DE MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS E NOVAS PROPOSTAS OU MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO PARA A SÚA IMPLANTACIÓN NO CURSO 2028-2029

Aprobado polo Consello de Goberno do 24 de xullo de 2026

MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS		
Accións do órgano responsable	Responsable	Prazo
Presentación na EIDUDC da proposta de modificacións non substanciais	CAPD	Ata as 14:00 horas do 23 de outubro de 2026
Informe da EIDUDC (favorable/desfavorable)	CP da EIDUDC	18-20 de novembro de 2026
Aprobación de propostas polo Consello de Goberno	Consello de Goberno	23-27 de novembro de 2026

NOVAS PROPOSTAS de programas de doutoramento		
Accións a desenvolver	Responsable	Prazo
<i>Declaración de intencións</i>		
Presentación na EIDUDC da declaración de intencións de creación dun novo programa, acompañada da composición da CAPD	CAPD	Ata as 14:00 horas do 23 de outubro de 2026
Remisión da declaración de intencións a VIT e difusión á comunidade universitaria	VIT/EIDUDC	27 de outubro de 2026
Remate do prazo para a presentación de alegacións motivadas	VIT/EIDUDC	Ata as 14:00 horas do 6 de novembro de 2026
Declaración de intencións definitivas	VIT/EIDUDC	Ata as 14:00 horas do 13 de novembro de 2026
Informe da EIDUDC (favorable/desfavorable) sobre a declaración de intencións e remisión da documentación a VIT	CP da EIDUDC	18-20 de novembro de 2026
Aprobación en Consello de Goberno destas declaracións	Consello de Goberno	23-27 de novembro de 2026
NOVAS PROPOSTAS e MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS de programas de doutoramento		
Accións a desenvolver	Responsable	Prazo
<i>Nova proposta ou modificación substancial (inicial)</i>		
Presentación na EIDUDC da proposta inicial de: – Memoria de Verificación. – Memoria Xustificativa dos requisitos. – Memoria Económica.	CAPD	Ata as 14:00 horas do 26 de febreiro de 2027
Remisión da documentación a VIT, exposición pública da proposta e presentación de alegacións ante a EIDUDC	VIT/ EIDUDC	3-17 de marzo de 2027



Nova proposta ou modificación (final)		
Presentación na EIDUDC da proposta final: – Memoria de Verificación. – Memoria Xustificativa dos requisitos – Memoria Económica – Informe de respostas ás alegacións	CAPD	Ata as 14:00 horas do 30 de abril de 2027
Informe da EIDUDC (favorable/desfavorable) sobre a proposta final e remisión da documentación a VIT.	CP da EIDUDC	10-14 de maio de 2027
Aprobación da memoria polo Consello de Goberno e o Consello Social.	Consello de Goberno / Consello Social	18-28 de maio de 2027
Envío á Secretaría Xeral de Universidades.	VIT	1 de xuño de 2027
Incorporación das memorias dos títulos aprobados na sede electrónica e remisión da documentación ao Ministerio.	Coordinador/a do POD/ VIT	Xullo de 2027

Lista de abreviaturas:

- CAPD: Comisión Académica do Programa de Doutoramento
- EIDUDC: Escola Internacional de Doutoramento
- CP da EIDUDC: Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento
- VIT: Vicerreitoría de Investigación e Transferencia

DECLARACIÓN DE INTENCIÓNS

Os formularios que se deben cumprimentar para as Declaracións de Intencións de programas interuniversitarios ou programas con participación única da UDC están dispoñibles en <http://www.udc.es/eid/programas/> e deben ser remitidos a todos os enderezos seguintes:

- direccion.eid@udc.gal
- subdireccion.eid@udc.gal
- secretario.eid@udc.gal
- oficina.doutoramento@udc.gal

PROPOSTA

- **Memorias xustificativa e económica.** Elaboraranse de acordo coa *Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanza universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia* (http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20120329/AnuncioG0164-220312-13863_gl.html):
 - a) **Memoria xustificativa.** Será fidedigna e detallada do cumprimento dos requisitos xerais e específicos, segundo o Anexo I da citada orde.
 - b) **Memoria económica.** Conterá os datos relativos a infraestrutura, recursos de persoal docente investigador e de administración e servizos, así como as diferentes fontes de financiamento, segundo o Anexo II da citada orde.
- **Memoria de Verificación.** Tanto en caso de nova proposta como de modificación, terase en conta o modelo facilitado pola EIDUDC.

Toda esta proposta deberá deixar constancia da realización de estudos de demanda, participación dos grupos de interese na elaboración da proposta, oportunidade estratéxica formativa, de especialización ou socioeconómica, a non existencia de oferta similar na UDC ou no SUG, e calquera outra evidencia ou estudo que xustifique a implantación da proposta.

Ademais, achegaranse coa proposta os acordos da CAPD asinados pola persoa secretaria e/ou coordinadora.

INCORPORACIÓN DA MEMORIA NA PLATAFORMA DA SEDE ELECTRÓNICA DO MINISTERIO

O proceso de incorporación da memoria de verificación á sede electrónica do Ministerio iniciarase unha vez que o programa obteña o informe favorable de envío a verificación por parte da Secretaría Xeral de Universidades (SXU).

Esta incorporación deberá ser efectuada pola persoa coordinadora do programa que, para isto, deberá darse de alta na sede electrónica do Ministerio (<https://sede.educacion.gob.es/tramite/login/plogin.ijsp>) e comunicar o seu nome á EIDUDC/VIT para a asignación de roles.



A EIDUDC/VIT dará as instrucións oportunas para acceder á sede electrónica do Ministerio e cubrir a Memoria de Verificación.

A incorporación da Memoria de Verificación na sede do Ministerio deberá acompañarse da Memoria Xustificativa dos requisitos, da Memoria Económica e, de ser o caso, dos convenios de participación (Orde do 20 de marzo de 2012 da Xunta de Galicia https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/galeria_down/titulos/ORDE_20-03-2012_desarrollo_D222_2011.pdf).

SINATURA DOS CONVENIOS DE PROGRAMAS INTERUNIVERSITARIOS COORDINADOS POLA UDC

Debe tramitarse a persoa coordinadora do programa na UDC. Unha vez asinado o convenio polos/as reitores/as de todas as universidades participantes, a EIDUDC encargárase de agregalo á documentación do programa e do seu envío á Xunta de Galicia.

En <http://www.udc.es/eid/programas/> está publicado un modelo de convenio.

Os convenios de programas interuniversitarios deberán ser asinados por todas as universidades participantes antes da aprobación das titulacións polo Consello de Goberno.

INFORMES DA EIDUDC

A Comisión Permanente da EIDUDC actúa como Comisión de Garantía de Calidade da EIDUDC. Para elaborar os seus informes, poderá solicitar a colaboración da Unidade Técnica de Calidade (UTC) da UDC.

EXPOSICIÓN PÚBLICA

Farase a través da web da EIDUDC, en <https://www.udc.es/es/eid/programas/>

RESPOSTAS ÁS ALEGACIÓNS

Comunicaranse por correo electrónico.